

Restauración de cavidades:

- Parte teórica (presentación pendurada na WEB):
 - Espeleoloxía de baixo impacto: O decálogo da FSUE.
 - Restauración de espeleotemas
 - Como se fai a restauración:
 - Fases do traballo.
 - Equipo de traballo (ferramentas, produtos químicos, EPI's,...).
 - Metodoloxía de mínimo impacto.

• Parte práctica:

- Restaurar cando menos unha estalagmita danada.
- Localización e identificación dos anacos de espeleotema antes de proceder a súa restauración.
- Preparación da base do espeleotema: Limpeza, furado...
- Preparación das ancoraxes (número e lonxitude axeitado ao tamaño do corpo e da base do espeleotema).
- Preparación do corpo do espeleotema: Furado con taladro e fixación das ancoraxes.
- Inxección dos epoxi para as ancoraxes. Montaxe e posicionamento dos anacos. Fixación química.
- Preparación da restauración da unión.
- Limpeza da zona afectada pola restauración (eliminación de restos das ancoraxes, envases, limpeza das pingas de resinas....).

CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN

RESTAURACIÓN DOS ESPELEOTEMAS



Agradecementos

Comercial DOCA, S.L.
74422 de las Bzanas España, II
96317 20 000
965 371 227



SpeleoWED2009 - Galicia

ALOXAMENTO

A gusto dos participantes. Cando menos a organización se aloxará no camping de Seoane.

PONTO DE ENCONTRO

Centro multiusos de Seoane do Courel.

DATAS DE REFERENCIA

Rexistro (data límite): 1 de setembro de 2010.

Material accesible para a descarga dende a WEB: 1 de setembro de 2010.

Campamento Galego: 25 e 26 de setembro de 2010.

Actualicemos e corrixamos o catálogo/inventario da FGE

Se dispós de GPS ...

... non te esquezas reposicionar as bocas das covas que vaias visitar.

CAMPAMENTO GALEGO DE ESPELEOLOXÍA

XORNADAS DE CONSERVACIÓN E PROMOCIÓN DA PROTECCIÓN

25 - 26 DE SETEMBRO DE 2010

SEOANE DO COUREL

ORGANIZAN:



Dous días traballando pola promoción, conservación e recuperación do patrimonio natural baixoterreño

COLABORAN:



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



DEPORTE
GALEGO



Consejo Superior de
Deportes



AXENA

PRESENTACIÓN

Este ano desenvolverase o **Campamento Galego de Espeleoloxía** centrado na **AVALIACIÓN E CONSERVACIÓN** do carst coureliano.

Para elo, programáronse actividades ou obradoiros en catro eidos diferentes:

- Reconto de quirópteros e avaliación do WNS (White Nose Syndrome) nas covas visitadas.
- Monitorización do impacto: Cartografía VIPM-VIAM.
- Restauración de espeleotemas.
- Difusión da protección do carst e das covas.

O xeito de desenvolver os obradoiros será o seguinte:

• Penduraremos da nosa WEB (www.mauxo.com), no apartado PROTECCIÓN DAS COVAS os documentos (en PDF) dos protocolos de traballo que imos seguir (por exemplo, un deles explicará os pasos para restaurar unha estalagmita, etc...). Para poder desenvolver o traballo en cova sería **MOI IMPORTANTE** que os/as interesados/as en participar leran dita documentación. Algunha dela presentouse nas xornadas de conservación organizadas polo CEM e a FGE no 2009.

• O sábado formaranse os grupos de traballo. Nun principio cada quen vai ata a/as cova/s que lle pete. Mais o ideal sería facer grupos de 4-5 persoas por cova. *A organización desenvolverá os obradoiros na cova de A Arcoia, principalmente nas "Sala de la Espera" e "Sala del Elefante". Escolleuse esta cova por razóns de tamaño xa que de haber espeleólogos interesados na restauración hai mais sitio para traballar / restaurar mentras se explica.*

• A organización aportará aos equipos de traballo: Copia das topografías das covas (si e que existen e atópanse accesibles na FGE); unha caixa de pinturas de cores (monitorización); e para os que teñan pensado facer restauración de espeleotemas: Luvax de latex ou vinilo, os distintos produtos químicos (limitado), varilla inox, cepillo e ferramentas menores. Brocas axeitadas ao tipo de varilla a empregar. **IMPORTANTE:** A organización non aportará os taladros de baterías!

• Os talleres desenvolveranse durante o sábado. Rematados, xuntarémonos ao serán no centro multiusos de Seoane do Courel:

- Avaliación inicial do traballo desenvolto e recollida de resultados para o seu post-procesamento. (Os resultados penduraránse da nosa WEB para a súa descarga).
- Presentación conferencia aberta para promover a conservación do carst do Courel: *"O Courel, a memoria de Galicia: unha viaxe de 650 millóns de anos...."*

• O domingo completaránse as restauracións: Aplicación dos selantes e acabados nas unións unha vez curadas as resinas de ancoraxe e pegado, etc...

PREINSCRIPCIÓN

Para poder organizarmos e imprescindible a preinscrición dos interesados. A organización preparará o material de traballo para os que se teñan preinscrito. Isto non quita que veñan máis espeleólogos con ganas de facer só cova. Para iso chegará con remitir un correo electrónico á organización (mauxo@mauxo.com) sinalando nome, apelidos, clube e cova(s) nas que considera interesante traballar.

DESCRIPCIÓN DOS OBRADOIROS

Reconto de quirópteros e avaliación do WNS (*White Nose Syndrome*) nas covas visitadas.

- Parte teórica (presentación pendurada na WEB):
 - Que é o WNS.
 - Outras afeccións en propagación no medio soterrado en Europa.
 - Medidas preventivas: Orientadas a minimizar o impacto e evitarmos que o espeleólogo contribúa a propagación accidental.
 - Protocolo de notificación e seguemento.



• Parte práctica: Equipo WNS (mínimo 3 persoas)

- Reconto de morcegos por cavidade e especie (para os que saiban distinguilos!).
- Marcado en topo das zonas de habitación, aniñamento e dos depósitos de guano.
- Marcado en topo dos puntos onde se atopan exemplares mortos ou esqueletos de morcego.
- Rexistro do número de exemplares afectados polo WNS (no caso de atopalos).

Monitorización do impacto: Cartografía VIPM-VIAM

• Parte teórica (presentación pendurada na WEB):

- Que son os VIPM-VIAM da NSS (Visitor Impact Point Mapping / Visitor Impact Area mapping).
- Identificación de valores naturais e o seu estado de conservación.
- Ferramenta de avaliación e comparación da degradación ou conservación a curto e longo prazo.
- Ferramenta de avaliación e comparación do impacto en cavidades do mesmo sector cárstico.
- Proposta de cores e simboloxía normalizada.
- Complementariamente:
 - Criterios para o desenvolvemento de traballos topográficos de baixo impacto.
 - Ferramentas modernas de traballo e modelado do subsolo.
- Parte práctica:
 - Traballo de campo para o desenvolvemento das topografías de monitorización e avaliación:
 - Percorrer a cova sinalando coas cores / símbolos na topografía existente aquelas zonas danadas avaliando (subxetivamente) o grao de impacto.

